

25 DE NOVIEMBRE - NON Á VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A TODO O PROFESORADO:

Con motivo da proximidade do día 25 de novembro, día no que dun xeito especial deberíamos abordar o tema da violencia contra as mulleres, designado pola ONU en 1999, lembrando o brutal asesinato das irmáns Mirabal na República Dominicana, o 25 de novembro de 1961, por defender os seus dereitos como traballadoras e como mulleres, pedimos a vosa colaboración para que desde a hora de titoría ou nas vosas clases, do xeito que consideredes máis conveniente, analisedes e reflexionedes co alumnado sobre a violencia que sofren as mulleres nos diferentes ámbitos da súa vida.

Atoparedes estes días uns murais de cor verde en todas as aulas para que desde as materias de Linguas, ou de calquera outra, fagades, por exemplo, o campo semántico da palabra VIOLENCIA en varios idiomas ou con imaxes referidas ao tema. Podedes solicitar na Conserxería papel adhesivo (pos-it) para pegalo no mural coas aportacións do alumnado.

Ademáis, podedes utilizar diverso material para actividades que se atopa na Biblioteca do centro, na estantería coa denominación de IGUALDADE, así como recurrir aos materiais que temos colgados na web do instituto no enlace referente a este tema, que estes días ampliaremos con novas suxerencias (direccións web, propostas cinematográficas, etc.)

Desde a Vicedirección se vos proporcionará toda a colaboración e a axuda que podamos para que, a lo menos, ao longo destas dúas semanas de novembro podamos mellorar todas e todos en IGUALDADE, xa que na DESIGUALDADE está o comezo da VIOLENCIA.

16 de novembro de 2009

A DIRECCIÓN